

A música galega que non imaxinas

Calamidá sentimental *supón, despois de case vinte anos, o agardado retorno de Pilocho aos estudos de gravación. Vencellada nos anos setenta a Roi Xordo, e a Antón Seoane e Rodrigo Romani, fundadores do mítico grupo Milladoiro, Pilocho é unha das voces máis indiscutiblemente valoradas do noso panorama musical. Calamidá sentimental recolle once cancións de amor, todas elas compostas por Antón Seoane, sobre textos de poetas galegas, dende a mítica Rosalía de Castro ás escritoras da xeración da "Festa da palabra silenciada" (María Xosé Queizán, M^a Carmen Kruckenberg, Marilar Aleixandre, Ana Romani, Mónica Góñez, Luisa Castro e Pilar Pallarés). Calamidá sentimental abre un novo camiño na música galega: o do discurso propio sobre a tenrura, sobre o amor, o desamor, e, en definitiva, sobre a intimidade e o mundo do privado. Boleros, llaneras, e outros xéneros da música popular constrúen un novo discurso poético e musical, descoñecido ata hoxe na música galega.*